

PLAN DIXITAL

CEIP Torre Illa

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CEIP Torre Illa

Rúa Pombal Nº1, 36626 (A Illa de Arousa)

ceip.torre.illa@edu.xunta.gal

Páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiptorreilla/>

O centro conta coa etapa de Educación Infantil e de Educación Primaria. A primeira etapa ten un total de 34 alumnos/as e, a etapa de primaria conta con 211 alumnos/as.

O centro na actualidade conta cunha plantilla de 24 mestres e mestras.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Centro Torre- Illa está situado na Illa de Arousa, enclavada na ría do mesmo nome e na comarca natural do Salnés. Debido ao illamento que sufriu ata o ano 1985, conserva unha cultura autóctona (crenzas, actitudes, costumes, formas de ser ...) que merecen un estudio específico dentro do marco xeral da Comunidade Autónoma.

A partir de dito ano comezan a producirse unha serie de cambios tanto a nivel cualitativo como cuantitativo na cultura que comeza a ser máis urbana debido ás melloras das comunicacións co continente. Séguese mantendo unha cultura autóctona que pode dividirse nunha cultura rural, e, unha cultura mariñeira. En resumo, podemos dicir que o Centro posúe un entorno cultural e natural privilexiado, un entorno económico desafogado e un ambiente sociolingüístico no que a maioría do alumnado, profesorado e familias son galego falantes.

Dende fai uns anos, o centro está a investir tempo e cartos na mellora da educación dixital. O profesorado fórmase anualmente en grupos de traballo para estar ao día do uso das novas tecnoloxías pedindo diferentes proxectos e programas. O máis relevante este ano foi a incorporación do programa E-dixgal, comezando no 5º curso de EP.

Outro programa no que está inmerso o colexio é o de Introducción á robótica educativa, contando con Legos e robots para poder comezar a inmersión neste ámbito dende xa unha curta idade.

O Plan Proxecta é outro dos plans nos que o centro soe participar. Este ano, participamos no Aliméntate Ben e o aproveitamos para afondar no aprendido dun xeito máis lúdico aproveitando as novas tecnoloxías.

Dende o EDNL e relacionándoo co PDI, fixéronse unha serie de traballos para presentar aos demais cursos e á comunidade educativa utilizando diferentes aplicacións dixitais, as tablets, o croma...

Sabemos que o alumnado ten que ser competente dixitalmente e, por iso nas nosas programacións hai sempre un apartado en cada materia para lograr con éxito este propósito, aínda que ás veces isto supoña un gran esforzo polos recursos limitados dos que dispoñemos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Despois de realizar o test CDD e o selfie o Equipo de Dinamización do Plan Dixital reuniuse para valorar os resultados obtidos. Coa información extraída desta reunión, o Equipo Directivo elaborou o DAFO o cal puxo en coñecemento de todo o claustro de mestres e mestras para entre todos analizar a situación do colexio.

A partires desta reunión, o Equipo Directivo e o Equipo de Dinamización do Plan Dixital reflexionou sobre as necesidades do alumnado e do profesorado para establecer uns obxectivos que permitan ao colexio avanzar en termos tecnolóxicos.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: conectividade, infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos).
O centro conta con tres edificios: un de educación infantil con conexión por cable, outro de 1º a 4º de EP e outro de 5º e 6º de EP, ámbolos dous con conectividade sen fíos.
- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:
 - * aulas dixitalizadas: todas as aulas contan con portátil e a maioría delas con PDI.
 - * proxecto E-Dixgal: dende o curso 2021/2022 en 5º de EP.
 - * equipos de xestión e administración: contamos con 4 equipos (dirección, xefatura de estudos, secretaría e administración)
 - * uso na biblioteca: un de uso do profesorado para realizar labores de biblioteca e 2 para uso do alumnado de busca de información.
 - * equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos: 1 ordenador na sala de profesorado e dous en reprografía para uso exclusivo dos e das mestras.
 - * equipos ultrapotátiles para aula móbil: este ano a Consellería mandou 18 para proporcionarllos durante o curso académico ao alumnado en fenda dixital. Ademais destes contamos cos cedidos por pertencer ao programa E-Dixgal.
 - * aulas de informática: temos unha aula de informática con pouco uso debido á lonxevidade dos ordenadores.

* dotacións para proxectos específicos

- Servizos dixitais educativos:

O centro conta cunha páxina web dende a que se accede á aula virtual dos diferentes niveis educativos.

O alumnado de 5,º e no vindeiro ano, o de 6,º está inmerso no plan E-Dixgal.

Servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente (páxina web do centro, aula virtual, Aqueiro, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil, ...).

- Xestión do mantemento do equipamento do centro.

* A UAC

* O colexio ten contratada unha empresa externa para facer as labores de mantemento e conservación dos equipos informáticos.

- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC.

* Plan de ensino virtual

* Plan de continxencia

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Directivo	4,4				
	Profesorado	4				
	Alumnado	0				
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	4				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	3,8				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	4,5				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado	4,3				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	5				
	Profesorado	4,3				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	4,3				
	Profesorado	4,2				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	3,2				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	3,9				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	3				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3,3				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	4,3				

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	18	20	90%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	2	2	100%

SUBSTITUTO	<u>2</u>	<u>4</u>	<u>50%</u>
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>73,3</u>	Integrador/a (B1)	<u>76,4</u>	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	52,3	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	78,1	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	8,7%
A2	9	39,1%
B1	6	26,1%
B2	5	21,7%
C1	1	4,3%
C2		
TOTAL	23	99,90%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> Dispositivos dixitais para o ensino e aprendizaxe Acceso a Internet 	<ol style="list-style-type: none"> Asistencia técnica Descoñecemento da lei de protección de datos.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Existe unha reflexión sobre as TIC's. Participación alta en grupos de traballo. Existencia de moitos recursos en liña. Os docentes fórmanse para incorporar novas modalidades de ensino-aprendizaxe. 	<ol style="list-style-type: none"> Tempo insuficiente para que os docentes exploren novas modalidades de ensino. Non existe certificación en competencias dixitais. Non se intercambian experiencias con outros mestres. Pouca creación de recursos dixitais.
	PERSOAL NON DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Disponibilidade de traballar coa auxiliar de conversa en toda a etapa educativa. 	<ol style="list-style-type: none"> Non se realiza intercambio de experiencias.
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> Hai variedade de dispositivos dixitais no colexio. Teñen un comportamento responsable. Son críticos coa información atopada en Internet. 	<ol style="list-style-type: none"> O alumnado cóstalle aprender a crear contidos dixitais e a comunicarse usando tecnoloxías dixitais.

		4. Aprenden a dar crédito ao traballo doutras persoas.	
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Boa comunicación coa comunidade educativa. 2. Uso de diferentes medios tecnolóxicos. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Desigualdade en canto á competencia dixital. 2. Pouco control no acceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo. 3. Escaseza de dispositivos dixitais.
	OFERTA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Implementación do Proxecto E-dixgal en 5º de EP. 2. Iniciación á robótica e á programación co alumnado de 3º ciclo. 3. Participación en diversos plans proxectas, PFPP... 	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Desenvolvemento da estratexia do profesorado 2. Busca de novas modalidades de ensino. 3. Dispoñemos de espazos físicos que faciliten a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. 4. Existen moitos recursos educativos en liña. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Non hai estratexia dixital. 2. Pouco tempo para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital. 3. Non existe certificación en competencias dixitais. 4. Asistencia técnica insuficiente. 5. Non se contempla traer dispositivos persoais.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Achegas económicas e de equipamento que recibe o centro pola participación en proxectos educativos. 2. Oferta de actividades formativas e as condicións para a participación. 3. Estratexias de educación dixital. 	1. Actuacións da administración educativa.
	LEXISLACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lexislación educativa. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lexislación non educativa que afecta ao sistema educativo. 2. Protección de datos. 3. Cambios legislativos recorrentes.
	CONTORNA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aumento de servizos dixitais (necesidade de realizar trámites de xeito dixital, educación de adultos...) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Condicións socioeconómicas da contorna. 2. Acceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo.
	ANPA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Disposición das familias a axudar ao centro de xeito económico, participación en actividades escolares, charlas e coloquios... 	
	OUTRAS ENTIDADES	<ol style="list-style-type: none"> 1. Achegas de equipamento. 2. Existencia de proxectos externos. 3. Oferta de actividades formativas. 4. Colaboración con institucións alleas ao centro educativo: confraría de pescadores, biblioteca municipal e institucións locais. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Deficiente infraestrutura para o acceso e conexión de rede na localidade.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para elaborar o Plan de Acción reuníronse o equipo directivo e o equipo TIC para valorar que obxectivos son os que cremos necesarios alcanzar no vindeiro ano.

Escolleuse un relacionado co alumnado, dous relacionados co profesorado e, un último centrado na infraestrutura de equipos:

1. Creación de contidos dixitais por parte do alumnado.
2. Crear un espazo multifuncional para traballar as competencias dixitais do alumnado.
3. Empregar ferramentas corporativas para compartir documentos entre o profesorado.
4. Continuar coa formación do profesorado no noso centro.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Competencia dixital do alumnado						
OBXECTIVO 1 (1):	Creación de contidos dixitais por parte do alumnado.				Acadado	
RESPONSABLE:	O equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	O alumnado crea contidos dixitais relacionados co PDI do centro.					
Valor de partida (3)	O 25% do alumnado crea contidos dixitais.					
Valor previsto e data (4)	O 50% do alumnado crea contidos dixitais.			Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Creación dunha listaxe de posibles contidos que poderá realizar o alumnado relacionándoo co PDI.	Equipo TIC	1º trimestre 2023	Ordenadores, tabletas, conexión Wi-Fi, softwares ou plataformas dixitais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Planificación dos contidos que realizará o alumnado de cada aula.	Equipo TIC Profesorado de cada área	3º trimestre	Muro de traballo (Board, Padlet)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Saber axuntar e compartir o contido creado.	Equipo TIC Profesorado de cada área	Xuño 2023	Muro de traballo (Board, Padlet) Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Infraestructura de equipos						
OBXECTIVO 1 (1):	Crear un espacio multifuncional para traballar as competencias dixitais do alumnado.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Creación dunha aula multifuncional					
Valor de partida (3)	Aula de usos múltiples					
Valor previsto e data (4)	Creación do espazo multifuncional			xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Solicitar o programa de innovación educativa “polos creativos”	Equipo directivo	Maio 2022	Elaboración e entrega da solicitude do programa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Realizar o deseño e creación dos espazos	Equipo directivo Equipo TIC	30 de xuño	Unidade técnica da Consellería Concello de A Illa de Arousa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Colaboración en redes						
OBXECTIVO 1 (1):	Empregar ferramentas corporativas para compartir documentos entre o profesorado.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de participación do profesorado que usa ferramentas corporativas para compartir recursos.					
Valor de partida (3)	O 0% do profesorado comparte recursos.					
Valor previsto e data (4)	O 50% do profesorado comparte documentos en plataformas corporativas.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Formar ao profesorado no emprego da aula virtual e <i>Agueiro</i>	Equipo TIC	Outubro 2022	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Crear un curso na aula virtual para que cada ciclo poida compartir documentación.	Administrador da AV	Outubro 2022	Sala de informática e aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Fomentar e dinamizar a participación na AV e <i>Agueiro</i>.	Equipo directivo Coordinador TIC	Xuño 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo

OBXECTIVO 1 (1):	Continuar coa formación do profesorado no noso centro			Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo directivo			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe do profesorado que realiza a formación no centro.					
Valor de partida (3)	O 30% do profesorado realiza a formación.					
Valor previsto e data (4)	O 50% do profesorado realiza a formación.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Crear un PFPP para continuar a nosa formación no centro.	Xefatura de estudos	Setembro 2022	Actas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Establecer as actividades a realizar ao longo do curso.	Equipo TIC	Outubro 2022	Actas e reunións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Compartir información co profesorado.	Profesorado de cada área	Xuño 2023	Aula virtual, ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnológicas

- Infraestrutura dixital:

* Infraestrutura de datos (conectividade a internet). O centro conta con 3 edificios, sendo nun deles (Edificio Educación Infantil) a conectividade bastante mala.

* Infraestrutura de voz (telefonía): nos tres edificios.

* Conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede.

- Equipamento: precisamos ordenador e monitor dixital para cada mestre/a, dous carros de ordenadores con cargadores (un para 1º ciclo e outro para o 2º ciclo) e unha tableta por aula.

- Servizos dixitais educativos:

4. Avaliación do plan

Para avaliar o Plan Dixital farémolo:

- trimestralmente: ao remate de cada trimestre valoraremos nunha reunión de claustro o proceso dos catro obxectivos propostos polo Equipo Directivo. Identificaremos as necesidades do profesorado para lograr a consecución dos mesmos e, entre todos, intentar solventar as posibles dificultades.

-avaliación final: ao remate do curso avaliaremos o grao de consecución de cada un dos obxectivos e as facilidades/dificultades presentadas para levarlos adiante.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital será exposto na páxina web do colexio para que toda a comunidade educativa teña acceso ao mesmo.